# CURSO XINZO DE LIMIA

# PARTICIPACIÓN EDUCACIÓN E INCLUSIÓN NA SOCIEDADE DE ACOLLIDA

Do 17 de setembro ao 10 de outubro de 2026
4 módulos formativos (90 horas).
Entrega de DIPLOMA ACREDITATIVO

+ **Información e Inscrición** na Oficina de Educación, Inmigración e Desenvolvemento (OEID) do Concello de Xinzo da Limia no 988680290
Os /as participantes deberán cumprir coa normativa e asistir ao 80% do curso para a súa certificación

www.xinzodelimia.gal / esculca.usc.gal

concello XINZO DE LIMIA · USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA · GI Esculca · XUNTA DE GALICIA · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

# Curso "Participación, educación e inclusión na sociedade de acollida" (90h.)

Concello de Xinzo de Limia
Do 17 de setembro ao 10 de outubro de 2026

- Coordinación Académica:
  - Alexandre Sotelino Losada (GI Esculca, Universidade de Santiago de Compostela)

- Coordinación técnica:
  - Xosé Losada Enríquez (OEID -Concello de Xinzo de Limia)

- Secretaria:
  - David Álvarez Caneda (GI Esculca, Universidade de Santiago de Compostela)
  - Alba Oliveira Baleirón (GI Esculca, Universidade de Santiago de Compostela)

## PROGRAMA

### MÓDULO 1 - A ESCOLA COMO ESPAZO DE ENCONTRO COA FAMILIA E A COMUNIDADE (20 H.)

**Xoves 17 de Setembro**
16:30 h. Inauguración e apertura
17:00– Panel-Obradoiro: Familias implicadas
- Imparte: Julia Mª Crespo Comesaña
  *GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

**Venres 18 de Setembro**
10:00 h.– Os deberes escolares e o papel das famílias (VIRTUAL)
- Imparte: Bibiana Regueiro Fernández
  *GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

**Sábado 19 de Setembro**
10:00 h.– Familia e escola: educando en comunidade
- Imparte: Anaïs Quiroga Carrillo
  *GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

**Luns 21 de Setembro**
10:00 h.. – Estratexias prácticas para acompañar nos deberes e comunicarse coa escol (VIRTUAL)

16:00 h. - Actividade práctica: Análise e deseño dunha proposta de acompañamento familiar dos deberes escolares. (VIRTUAL)

- Imparte: Bibiana Regueiro Fernández
  *GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

## MÓDULO 2 - ADMINISTRACIÓN E SOCIEDADE CIVIL (20 H.)

**Xoves 24 de Setembro**

16:00 h. **-** As políticas de retorno da Xunta de Galicia: recursos, programas e oportunidades

- Imparte: Secretaria Xeral da Emigración

**Venres 25 de Setembro**

16:00 h. - Recursos e procedementos en materia de inmigración

- Imparte: Josefina Rodríguez Durán
  *Xefa da Oficina de Estranxeiría*. *Subdelegacion do Goberno de Ourense*

18:00 h. - Coñecendo os programas de apoio á inclusión das persoas inmigrantes en Galicia

- Imparte: Dirección Xeral de Inclusión da Xunta de Galicia

**Sábado 26 de Setembro**

9:00 h. Construíndo futuro: itinerarios de inclusión social e laboral para persoas migrantes

- Imparte: Ecos do Sur.

12:00 h. – A perspectiva legal na xestión da diversidade cultural

- Imparte: María Teresa Bustamante Fernández
  *Presidenta en Asociación de Migrantes de Galicia-AMIGA*

## MÓDULO 3 - A COMUNIDADE COMO AXENTE EDUCATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL (20 H.)

**Venres 2 de Outubro**

16:00 h. - Tecendo comunidade: persoas, recursos e participación social

- Imparte: David García Romero
  *GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

**Sábado 3 de Outubro**

9:00 h. - Sociedade civil e educación: construíndo alianzas para a mellora comunitaria

- Imparte: Mar Lorenzo e Miguel. A. Santos
  *GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

**Lúns 6 de Outubro**

9:00 h. a 14:00 h.- Alianzas para transformar: colaboración interinstitucional e sociedade civil (VIRTUAL)

16:00h. – 20:00 h. Actividade: O Mapa da miña comunidade: identificando recursos, institucións e redes (VIRTUAL)

- Imparte: Javier Agrafojo Fernández

## MÓDULO 4 - VIAS DE INCLUSIÓN: DEPORTE, IGUALDADE E LECER COMUNITARIO (20 H.)

**Xoves 8 de Outubro**

9:00 h. **–** Cultura, Identidade e interculturalidade: as tradicións como punto de unión. (VIRTUAL)

- Imparte: Alexandre Sotelino Losada

*GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

16:00 h. – Actividade: O mapa dos xogos da miña comunidade (VIRTUAL)
Imparten: Jose E. Rodríguez Fernández e Alba Oliveira Baleirón
*GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

**Venres 9 de Outubro**

16:00 h. O xogo como linguaxe universal: igualdade, participación e encontro intercultural.
Imparten: Jose E. Rodríguez Fernández e Alba Oliveira Baleirón
*GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

**Sábado 10 de Outubro**

9:00 h.- Deporte, cultura popular e comunidade: construíndo inclusión dende o territorio.
Imparten: Javier Rico Díaz e Alexandre Sotelino Losada
*GI-Esculca, Universidade de Santiago de Compostela*

14:00 h. CLAUSURA

## MÓDULO 5 - TRABALLO-MEMORIA FINAL (10 H.)

**Orientacións para a elaboración e entrega**

Como parte da acción formativa, cada persoa participante deberá elaborar unha memoria individual que recolla o traballo realizado ao longo das diferentes sesións e unha reflexión persoal sobre a aprendizaxe adquirida. Este documento ten como finalidade favorecer a integración dos contidos traballados, promover a reflexión crítica e valorar a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos.

**Estrutura da memoria**

A memoria deberá organizarse, como mínimo, nos seguintes apartados:

1. QUEN SON EU E QUEN É A MIÑA COMUNIDADE

Neste apartado realizarase unha breve presentación persoal e unha descrición da comunidade na que a persoa vive ou participa.

Pódense abordar, entre outros, os seguintes aspectos:

- Presentación persoal (de maneira voluntaria e sen incluír información sensible).
- Relación coa comunidade de acollida.
- Recursos, entidades, espazos ou persoas que forman parte da súa rede comunitaria.
- Fortalezas, oportunidades e necesidades que identifica na súa contorna.
- Papel que lle gustaría desempeñar na comunidade.

2. RESOLUCIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS NOS MÓDULOS

Recolleranse as actividades, exercicios ou tarefas prácticas desenvolvidas ao longo da formación.

Cada actividade deberá presentarse de forma organizada, indicando, cando proceda:

- Título ou módulo ao que pertence.
- Desenvolvemento da actividade.
- Conclusións ou aprendizaxes obtidas.

Poderanse incorporar esquemas, mapas, fotografías (respectando a privacidade das persoas), gráficos ou outros materiais que axuden a ilustrar o traballo realizado.

3. REFLEXIÓN FINAL: PARA QUE ME SERVIU ESTA FORMACIÓN?

Neste último apartado realizarase unha reflexión persoal sobre a experiencia formativa.

Entre outras cuestións, poderá responderse a preguntas como:

- Que aprendín durante o curso?
- Que coñecementos ou competencias considero máis útiles?
- Cambiou a miña forma de entender a participación, a comunidade ou a inclusión?
- Como podo aplicar estes coñecementos na miña vida persoal, laboral ou comunitaria?
- Que aspectos da formación destacaría e que melloras propoñería?

**Normas de presentación**

A memoria deberá cumprir as seguintes condicións:

- Extensión máxima: 10 páxinas (sen contar a portada, se a houber).
- Formato: DIN A4.
- Fonte: Arial ou Calibri, tamaño 11 ou 12 puntos.
- Interliñado: 1,5.
- Marxes: 2,5 cm en todos os lados.
- Texto aliñado de forma xustificada.
- As páxinas deberán estar numeradas.
- Recoméndase utilizar títulos e subtítulos para facilitar a lectura.

A redacción deberá ser clara, ordenada e respectuosa.

A memoria poderá elaborarse en galego ou castelán.

**Entrega**

- A memoria deberá entregarse dentro do prazo establecido pola organización na:
- Oficina de Educación, Migración e Desenvolvemento do Concello de Xinzo de Limia.
- A entrega poderá realizarse no formato e polos medios que indique a organización da acción formativa.
- A correcta presentación da memoria constituirá un dos elementos de seguimento e avaliación do aproveitamento da formación.